



MEMORIA DA ADDENDA PARA A PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E O BANCO DE SABADELL, S.A. PARA IMPULSAR A COLABORACIÓN COA OFICINA ECONÓMICA DE GALICIA EN PROXECTOS EMPRESARIAIS

Primeiro.- Antecedentes

O Igape o Banco de Sabadell asinaron o 26 de marzo de 2025 un convenio de colaboración co obxectivo de colaborar no desenvolvemento de accións para apoiar os proxectos, en especial os procedentes da Oficina Económica de Galicia destinados a pequenas e medianas empresas, grandes empresas, autónomo/as e/ou emprendedores/as, concretadas na habilitación dunha liña especial de financiamento axeitada ás súas necesidades.

Este convenio establecía unha vixencia ata o 30 de decembro de 2025, prevendo expresamente na súa cláusula cuarta a posibilidade dunha prórroga dun ano adicional, ata o 30 de decembro de 2026, sempre que existise acordo entre as partes.

No marco deste convenio, o Instituto Galego de Promoción Económica, a través da Oficina Económica de Galicia, e o Banco de Sabadell veñen colaborando na labor de achegar financiamento ás empresas, contribuíndo a reforzar o tecido empresarial e económico galego.

Con data 15 de decembro de 2025, tivo entrada no Igape a solicitude formal do Banco Sabadell para a prórroga do convenio, ao abeiro do previsto na cláusula cuarta.

Á vista desta solicitude, o Igape considera oportuno dar continuidade á colaboración iniciada en 2025 mediante a sinatura dunha addenda de prórroga.

Segundo.- Necesidade e oportunidade da prórroga do convenio

A prórroga resulta necesaria para asegurar a continuidade das actuacións iniciadas en 2025, as cales teñen carácter de continuidade, polo que non poden realizarse nin consolidarse nun único exercicio.

Resulta especialmente oportuna, pois permite consolidar unha colaboración que xa demostrou a súa utilidade á hora de achegar financiamento ao tecido empresarial galego, tanto de xeito unilateral por parte de Banco Sabadell coma actuando coordinadamente con outros axentes financiadores, especialmente, con Xesgalicia.

O IGAPE reconece o extraordinario potencial de que as entidades financeiras participen na posta en marcha das iniciativas empresariais asesoradas dende a Oficina Económica de Galicia, dada a súa posición estratéxica nos mercados financeiros. En





particular, valora que o Banco Sabadell é unha entidade financeira con proxección nacional e presenza no territorio galego.

Terceiro.- Obxecto e contido

O obxecto da presente addenda é prorrogar por un ano adicional, ata o 30 de decembro de 2026, a vixencia do convenio suscrito o 26 de marzo de 2025 entre o Igape e o Banco Sabadell.

A addenda modifica exclusivamente a cláusula cuarta, relativa á vixencia.

O resto do clausulado mantense inalterado.

Natalia Barros Sánchez

Directora xeral

OFICINA ECONÓMICA DE GALICIA

